

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

<i>Código</i>	<i>Nat</i>	<i>Ud</i>	<i>Resumen</i>	<i>Prezo por partida</i>
D	Capítulo	DESCOMPOSTOS		
C 013	Capítulo	REVOCADURAS, XESOS E ESCAIOLAS		
E0350005	Partida	m2	LIMPEZA MANUAL REVOCADURAS Tratamento de limpeza de revocaduras de cal en bo estado en paramentos verticais e horizontais, en seco, con cepillo de raíces suaves eliminando manchas e residuos, mesmo limpeza e transporte de residuos a vertedoiro. Medido descontando ocos maiores de 1,5 m2. Medios auxiliares e de seguranza, protección de mobles, pavimentos, elementos vexetais, etc. incluídos. Estadas medidas á parte.	18,00
E0350010	Partida	m2	REVOCADURA CAL GRAXO EN 3 CAPAS Revocadura de cal composta por masa de cal graxo e area, mestura de silicio de río lavada e seca e de calcaria, de granulometría a concretar na obra, realizado por oficial 1ª especializado, en tres capas sobre paramentos exteriores ou interiores, sendo a primeira unha salpicadura de proporción 1/2 ao 1/3, segundo o tipo de area, con area graúda, a segunda un recebo de proporción 1/2 ao 1/3 con area de tamaños mesturados e a terceira de proporción 1/1 para acabado liso-lavado e 1/2 para acabamentos lisos, con area moi fina. Esta capa inclúe os pigmentos minerais necesarios para a súa coloración. Aplicado en paramentos verticais e horizontais, de non máis de 25 mm. de espesura total, i/alisamento con regra, formación de arestas e recantos e expulsión de areas sobrantes por cepilladura final. Medido deducindo ocos maiores de 1,5 m2. Medios auxiliares e de seguranza, preparación previa do soporte, protección de mobiliario, pavimentos, elementos vexetais, etc., limpeza de áreas de traballo e transporte entullos a vertedoiro incluídos. Estadas medidas á parte.	37,73
E0350015	Partida	m2	LUCIDO OU PASTEADO AO CAL Lucido fino a base de pasta de cal graxo sobre recibos de calquera tipo, sen pechar o poro, deixando a superficie de acabado perfectamente lisa y preparada para deixar vista ou pintar. Limpeza final con transporte de entullos a vertedoiro, medios auxiliares e de seguranza, protección de mobles, pavimentos etc. e preparación previa do soporte con texturación, se for necesaria, incluídos. Medido descontando ocos maiores de 1,5 m2. Estadas medidas á parte.	4,14
E0350020	Partida	m2	REVOCADURA CAL GRAXO E LUCIDO Revocadura de cal composta por masa de cal graxo e area de río lavada e seca de granulometría a concretar en obra, e dosaxe 1:3. Realizada por oficial 1ª especialista nunha capa e lucido fino ao cal, sen pechar o poro, deixando o paramento acabado ou listo para pintar. Realizado a boa vista en paramentos horizontais ou verticais ao interior. De non máis de 15 mm. de espesura total, i/regreado, sacado de arestas e recantos e expulsión de area final con cepillo. Medido deducindo ocos de máis de 1,5 m2. Medios auxiliares e de seguranza, preparación previa do soporte, protección de mobles, pavimentos, elementos vexetais, etc., limpeza de áreas de traballo e transporte de entullos a vertedoiro incluídos. Estadas medidas á parte.	22,86
E0350025	Partida	m2	REVOCADURA DESHUMIDIFICADORA Revocadura deshumidificadora a base de cal apagado ou masa de cemento e agregado poróxeno, con cor en masa ou preparado para pintar con pinturas minerais de cal ou ao silicato, en capa de 3 - 4 cm. de espesura en paramentos verticais, en muros de fábrica de cachotaría ou ladrillo limpos, mestradura, i/formación de recantos, gornicións de ocos, remates con pavimento, p.p. de cantoneiras de chapa galvanizada e colocación de estadas, medido deducindo ocos superiores a 2 m2, sen incluír demolición de revocaduras vellas.	23,93
E0350030	Partida	m2	DESALINIZADOR FABR. CACHOTARÍA Limpeza de xuntas en fábrica de cachotaría, por medios manuais e aplicación de produto desalinizador nas xuntas previo ao posterior cintaxe ou gornición a base de masa deshumidificadora.	17,11

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0350035	Partida	m2	MALLA FIBRA VIDRO 3 x 3 mm. Malla de fibra de vidro de 3 x 3 mm. de luz de reforzo que cubra a liña de descontinuidade, i/fixación e tensado cunha superposición mínima de 10 cm. a cada lado, recibida con pasta de xeso negro, medida deducindo ocos superiores a 2 m2.	6,01
E0350040	Partida	m2	RECEBO CON ESPARAVEL 1:4 Recebo con esparavel sen mestrar con masa de xeso negro ou cemento e area de río 1:4 (M 80), en paramentos verticais e horizontais de 20 mm. de espesura, i/alisamento con regra, formación de recantos, arestas e estadas, medido deducindo ocos.	13,62
E0350045	Partida	m2	RECEBO CON ESPARAVEL 1:6 Recebo con esparavel sen mestrar con masa de xeso negro ou cemento e area de río 1:6 (M 80), en paramentos verticais e horizontais de 20 mm. de espesura, i/desempinado, sacado de recantos, arestas e estadas, medido deducindo ocos.	13,49
E0350050	Partida	m2	RECEBO CON ESPARAVEL 1:6 E LUCIDO Recebo con esparavel sen mestrar con masa de xeso negro ou cemento e area de río 1:6 (M 40), en paramentos verticais e horizontais de 20 mm. de espesura, i/desempinado, sacado de recantos, arestas e estadas, medido deducindo ocos. Lucido a base de pasta de cal apagado sobre recibos de cemento ou bastardos de cemento e cal, preparando o muro para pintura ao silicato.	16,43
E0350090	Partida	m2	GORNICIÓN E LUCIDO PERLI-ESCAIOLA Gornición e lucido con masa alixeirado de escaiola con perlita, amasado á man, en paramentos verticais e horizontais, mesmo formación de recantos, gornicións de ocos, remates con pavimento, p.p. de cantoneiras e colocación de estadas, medido deducindo ocos superiores a 2 m2.	15,76
E0350095	Partida	m2	GORNICIÓN E LUCIDO XESO Gornición con xeso negro e lucido de xeso branco en paramentos verticais e horizontais de 15 mm. de espesura, mesmo formación de recantos, gornicións de ocos, remates con rodapé, p.p. de cantoneiras de chapa galvanizada e colocación de estada, deducindo ocos superiores a 2 m2.	21,39
E0350100	Partida	m2	GORNECIDO MESTREADO E LUCIDO Gornecido mestreado con xeso negro e lucido con xeso branco en paramentos verticais e horizontais de 15 mm. de espesura, con mestras cada 3 m. mesmo formación de recantos, gornicións de ocos, remates con pavimento, p.p. de gardavivos de chapa galvanizada e colocación de estadas, medido deducindo ocos superiores a 2 m2.	24,34
E0350105	Partida	m2	FALSO TEITO ESCAIOLA LISA Falso teito de placas de escaiola lisa de 120 x 60 cm., recibida con esparto e pasta de escaiola, i/realización de xuntas de dilatación, repaso de xuntas, limpeza, montaxe e desmontaxe de estadas, rexuntado e calquera tipo de medio auxiliar, medido deducindo ocos.	15,39
E0350125	Partida	m2	FALSO TEITO ESCAIOLA LISA c/FOSA Falso teito de placas de escaiola lisa de 120 x 60 cm. con p.p. de fosa ou moldura perimetral de 5 x 5 cm., recibida con esparto e pasta de escaiola, i/realización de xuntas de dilatación, repaso de xuntas, limpeza, montaxe e desmontaxe de estadas, rexuntado e calquera tipo de medio auxiliar, medido deducindo ocos.	22,64
E0350110	Partida	ml	ARESTA VIVA DE ESCAIOLA Aresta viva de escaiola lisa, recibida con esparto e pasta de escaiola, i/realización de xuntas de dilatación, repaso de xuntas, limpeza, montaxe e desmontaxe de estadas, medido deducindo ocos.	11,83

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO
CATÁLOGO DE PREZOS DE REHABILITACIÓN 2009

Código	Nat	Ud	Resumen	Prezo por partida
E0350130	Partida	ml	FOSA-MOLDURA ESCAIOLA 5 x 5 cm. Moldura perimetral ou fosa de escaiola sinxela de 5 x 5 cm., recibida con pasta de escaiola, i/realización de xuntas de dilatación, repaso de xuntas, limpeza, montaxe e desmontaxe de estadas, totalmente rematado, medida na súa lonxitude.	11,74
E0350115	Partida	ml	FORRO VIGAS-CONDUTOS ESCAIOLA Forro de condutos ou formación de vigas en forma de U con placas de escaiola lisa, cun desenrolo de dous metros, recibido á placa mediante esparto, arame de atar de aceiro galvanizado e pasta de escaiola, i/realización de xuntas de dilatación, repaso de xuntas, tracexamento, limpeza, montaxe e desmontaxe de estadas, medido na súa lonxitude.	34,49
E0350135	Partida	m2	REVEST. ESTUCO BICAPA EN LISO Estuco ou revocadura tradicional, sistema bicapa, composto por capa de morteiro de cal, de espesura mínima 5 mm., rematado liso, aplicado con trollo ou esparavel sobre recebo previo, realizado este con morteiro monocapa e aditivo hidrófugo de 1 cm. de espesura e aplicado a trollo ou mecanicamente, i/preparación de soporte, emprego de estadas homologadas e p.p. de custos indirectos.	34,02
E0350140	Partida	m2	ESTUCO FINO DE CAL BRILLO Estuco fino de cal para revestimentos de fachadas ou decoración de interiores, formado por tres capas: a primeira de estuco, aplicado sobre o soporte, de 2-3 mm. de espesura e rematado fratasado; a segunda, de morteiro de menos de 1 mm. de espesura, aplicada sobre a primeira xa seca ao taco; finalmente, terceira capa de brunido, alisando en frío co trollo ata conseguir aspecto brillante de cor non uniforme, i/preparación de paramentos e p.p. de custos indirectos.	36,60
E0350145	Partida	m2	ENCALADO Encalado con dúas mans en paramentos verticais e horizontais, logo de limpeza de salitres e po.	1,99